



Autor da foto: Hugo L. Arias

PRESENTACIÓN DA OBRA *En terra allea* de PEPE CARBALLUDE

Teatro **AS TORRES de SANTA CRUZ**
xoves, 13 de febreiro, ás 19 horas


Intervirán:

O autor:

Pepe Carballude

A profesora de Xeografía e Historia:

M^a Concepción Castro Higeldo



En terra allea aborda o tema da migración e os dramas colaterais: explotación laboral, dificultades coa vivenda, problemas de convivencia, enganos, abusos..., mais tamén aparece xente boa que tenta poñerse na delicada situación do outro. As relacións humanas, as friccións e os consensos, a imposición e a tolerancia, as penas e os momentos felices, pesan moito no decorrer da trama, onde, ao final, triunfa o amor.

Un retrato real, traumático, dun feito que se pode ver acotío e unha chamada á solidariedade e á colaboración de todos.

Pepe Carballude é escritor, tradutor e licenciado en Filoloxía Clásica. Exerceu de profesor de latín no Instituto Neira Vilas. Aparte da súa traxectoria profesional na que destacan traducións de poetas latinos ou a obra *A vida diaria dos romanos*, ten un longo percorrido na literatura galega, con títulos como: *O xilgaro pintor*, *Os gazafellos* (Premio Barco de Vapor 1986), *Mimos e máis mimos*, *Investigación 091*, *Andainas de Pedro Chosco*, *SOS*, *¡Maldito D.N.I.!*, *Paisaxe con fondo gris*, *Romaxe de desventuras*, *A fraga misteriosa*, *O deus desaparecido* (Premio Barco de Vapor 1990), *O talismán dos druídas*, *Miña avoa ten 13 anos*, *Xograres dun tempo novo*, *Andrea quere ser maior*, *De como o Santo dos Croques se fai peregrino* (Premio Barco de Vapor 2002), *Marxinados*, *A pintora libertaria* e *In memoriam*, entre outros.

Desde as bibliotecas municipais invítase a todas as persoas que desexen asistir, ata completar o aforo.